



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: María Pilar García Negro

[Ramón Nicolás](#) 29 Novembro 2013

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2013/11/29/cuestionario-proust-maria-pilar-garcia-negro/>

1.– Principal trazo do seu carácter?

–Pois non che sei moi ben... A vontade de transmitir o que penso e no que creo, talvez...

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

–Que teñan en conta o Outro (e o “Outro” é moi variado, claro está...)

3.– Que agarda das súas amizades?

–Amizade.

4.– A súa principal eiva?

–A pesadez, ou a nugalla ou a desorde... Calquera, de fóra, diría varias máis, supoño...

5.– A súa ocupación favorita?

–Fóra do traballo, entendo que é... Así que facer o que me peta, sen horarios.

6.– O seu ideal de felicidade?

–Conciliar recordos do pasado con posibilidades do presente.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

–A morte ou o infortunio da xente que quero.

8.– Que lle gustaría ser?

–O que son: profesora e escritora.

9.– En que país desexaría vivir?

–Na miña nación: a Galiza.

10.– A súa cor favorita?

–A verde.

11. – A flor que máis lle gusta?

–A malvela e os pensamentos.

12.– O paxaro que prefire?

–O carrizo.

13.– A súa devoción na prosa?

–Eduardo Blanco Amor e Ricardo Carvalho Calero.

14.– E na poesía?

–Rosalía de Castro.

15. Un libro?

–*Follas novas*, de Rosalía de Castro.

16.– Un heroe de ficción?

–Un contra-heroe: Caliban, d’*A tempestade*, de Shakespeare.

17.– Unha heroína?

-Mara, de *Flavio*, de Rosalía de Castro.

18.– A súa música favorita?

-Son músicas, en plural, moitas: case toda a clásica, a das bandas, case toda a galega actual, moita da portuguesa e brasileira, a italiana, moita da inglesa e norteamericana dos anos '60 e '70 sobre todo, a bailábel latinoamericana...

19.– Na pintura?

-Castelao e Maruja Mallo.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-A cuidadora cariñosa e responsábel de nenos, vellos ou doentes.

21.– O seu nome favorito?

-Eduardo, Helena, Luís, María, Xavier...

22.– Que hábito alleo non soporta?

-A prepotencia.

23.– O que máis odia?

-O clasismo e a humillación para cos de abaixo. O machismo, patente ou soterrado.

24.– A figura histórica que máis despreza?

-O escravista de onte e o imperialista de hoxe.

25.– Un feito militar que admire?

-A expulsión de Batista do goberno de Cuba.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-O don da paciencia e da perseveranza a partes iguais.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Da máis breve posíbel.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

–*Pensatibre*, que diría o personaxe de Castelao...

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-Os que nacen da boa fe.

30.– Un lema na súa vida?

-Fai o ben que pudes e evita o mal de que fores capaz.